7. HOSPITALIZACIÓN INNOVADORA

Construción dunha infraestrutura física experimental con funcións de planta de hospitalización e coas características necesarias para que sexa utilizado como **living lab**.

Inclúe a construción de **escenarios clínicos, plantas de hospitalización, salas de espera e controis de enfermería con gran desenvolvemento tecnolóxico**, de xeito que permitan desenvolver neles contornas living lab nas que testar dunha forma sistemática a experiencia do usuario. A intención é utilizar estes escenarios para validar os resultados de diferentes proxectos de innovación sanitaria.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Santiago**, **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras** e **Lugo-Cervo-Monforte**.